



## RESOLUCION DA ALCALDIA

**ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS (2) XEFES DE BRIGADA PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VIMIANZO. NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DATA DAS PROBAS.**

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 437/2017 de data 04/05/2017, pola que se aproban as bases de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato de obra e servizo de duración determinada, a xornada completa de dous (2) xefes de brigada e oito (8) peóns para as brigadas de prevención e defensa contra incendios aos efectos de dar cumprimento ao convenio de colaboración entre a Consellería do medio rural e do mar e o Concello de Vimianzo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a contratación de dúas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Tendo en conta que, segundo consta no correspondiente expediente, na data 05 de maio do 2017, publicáronse as bases no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello (no apartado de emprego) e o día 11 de maio do 2017 no Boletín Oficial da provincia da Coruña (BOP núm.88).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 16/05/2017, segundo consta no informe de data 25/05/2017 emitido polo encargado do rexistro municipal, presentáronse dentro do prazo 11 candidatos/as.

Visto o informe da técnica local de emprego de data 08/06/2017 sobre a listaxe provisional de admitidos e excluídos neste proceso de selección logo de examinar a documentación achegada coas solicitudes de conformidade co disposto na base sexta, nove (9) delas resultan admitidas e dúas (2) delas presentan deficiencias subsanables.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 623/2017, de 13/06/2017, pola que se aproba a listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección, que foi publicada na páxina web deste concello (no apartado emprego) o día 14/06/2017 e no taboleiro de edictos municipal o día 13/06/2017.

Rematado o prazo de dous días naturais para reclamacións e correccións das deficiencias á listaxe provisional de admitidos e excluídos, segundo consta no informe de data 20/06/2017 emitido polo encargado do rexistro municipal, presentouse un escrito polo Sr.Caamaño Vilariño.

Visto o informe da técnica local de emprego de data 20/06/2017 sobre subsanacións xunto co que achega a táboa de candidatos definitiva.

Tendo en conta o establecido na base sexta das Bases que rexen estes procedementos de selección, en relación á "Presentación de instancias e procedemento de selección".

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da *Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local*.

Visto canto antecede, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección de dous xefes de brigada para as brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo, que figura a continuación e que recolle a totalidade das persoas presentadas:

### 1. ADMITIDOS:

33314189T	ÁLVAREZ LÓPEZ, FERNÁN
-----------	-----------------------



79312560G	BLANCO TOURIÑO, MARUXA
48114405S	CAAMAÑO CAAMAÑO, DARIO
<b>78793465L</b>	<b>CAAMAÑO VILARIÑO, MIGUEL</b>
32794310J	LÓPEZ DE LA OSA MANSO, JAVIER
78796177V	GARCÍA GONZÁLEZ, MARÍA DEL CARMEN
76366900T	GARCÍA LEMA, JAVIER
47364237S	MARTÍNEZ VENTURA, MANUEL
33554921Z	TELMO VÁZQUEZ, JAVIER
32828296M	VILELA LÓPEZ, BRUNO

## 2. EXCLUÍDOS E CAUSA DE EXCLUSIÓN:

76339397M	ANTONIO OTERO, HÉCTOR	NON ACREDITAR ESTAR EN POSESIÓN DA TITULACIÓN ESIXIDA
-----------	-----------------------	---

Segundo.- Ordear a publicación das anteditas listaxes no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello, para os efectos da súa publicidade.

Terceiro.-Nomear ás seguintes persoas como membros do tribunal:

PRESIDENTE	Rosa Mª Sánchez Martínez, axente de emprego e desenvolvemento local Suplente: José Domingo Rodríguez Ferreira, técnico de Administración Económica e Xefe de departamento
SECRETARIA	Lorena Cernadas Soto, administrativa informática Suplente: María Cristina Varela García, secretaria da Corporación
VOGAIS	1º vogal: Evaristo Suárez Corzón, axente de desenvolvemento rural Suplente: Miguel A. Hermida Carballo, auxiliar administrativo 2º vogal: Mª Nieves Lema Vilaríño Suplente: Pilar Lemus Pérez, bibliotecaria 3º vogal: José Ramón Lema Pose, responsable do servizo de augas Suplente: Rosa M.ª Varela Antelo, educadora familiar
ASESORAMENTO PARA PRÓBAS PRÁCTICAS	<ul style="list-style-type: none"><li>Manuel A. Fidalgo Pose, xefe de Protección Civil do Concello de Vimianzo</li><li>Empregado/a do Distrito forestal V</li></ul>



Cuarto.- Convocar ao Tribunal para o día 22/06/2017 ás 13:15 h na sala de reunións, situada no segundo andar da Casa do Concello.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria